

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

ORDE do 29 de novembro de 2019 pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais (código de procedemento ED517B).

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece no artigo 3.5 que un dos fins do Sistema nacional das cualificacións e da formación profesional é o de avaliar e acreditar oficialmente a cualificación profesional, calquera que sexa a súa forma de adquisición, e no seu artigo 4 establece que un dos seus instrumentos é o procedemento de recoñecemento, avaliación, acreditación e rexistro das cualificacións profesionais.

A mesma lei, no seu artigo 8, alínea 2, establece que a avaliación e a acreditación da competencia profesional adquirida a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación se debe desenvolver seguindo criterios que garantan a fiabilidade, a obxectividade e o rigor técnico da avaliación, e que terá como referente o Catálogo nacional de cualificacións profesionais; e na alínea 3 recolle a posibilidade de realizar acreditacións parciais acumulables.

O Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, define no seu artigo 5, alínea b), a unidade de competencia como o agregado mínimo de competencias profesionais, susceptible de recoñecemento e acreditación parcial, para os efectos previstos no artigo 8.3 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como un dos seus principios xerais a concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolverá ao longo de toda a vida. No seu artigo 66.4, referido á educación para as persoas adultas, determina como un dos seus obxectivos o de conectar as vías de aprendizaxe (ensino regrado ou non regrado, ou a través da experiencia laboral) e o de adoptar as medidas para a validación destas aprendizaxes.



O Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo (BOE do 25 de agosto), de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral, vén desenvolver o establecido no artigo 8.4 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establecendo o procedemento e os requisitos para a avaliación e a acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, así como os seus efectos.

Para a implantación do procedemento en Galicia, o Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, atribúe á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa as competencias para a promoción e o desenvolvemento do recoñecemento de competencias profesionais nas diferentes familias profesionais que compoñen o Catálogo nacional de cualificacións profesionais. Así mesmo, indica que será a Subdirección Xeral de Formación Profesional a quen lle corresponde a organización e coordinación do sistema de recoñecemento, avaliación e acreditación de competencias profesionais.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina no seu artigo 20.2 que as ofertas flexibles para atender as necesidades de cualificación de colectivos específicos poderán realizarse nos réximes e nas modalidades que a consellería con competencias en materia de educación determine, así como a través do proceso de avaliación, recoñecemento e acreditación de competencias. Así mesmo, no artigo 52 recóllense as validacións de módulos profesionais pola acreditación de unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, indicando que quen teña acreditada unha unidade de competencia que forme parte do Catálogo nacional de cualificacións profesionais terá validados os módulos profesionais correspondentes, segundo se determine na norma que estableza cada título e se recolla na norma pola que se estableza o currículo correspondente. Pola súa banda, o artigo 58.1 di que quen non superase na súa totalidade as ensinanzas de cada un dos ciclos formativos terá dereito a que se lle expida un certificado académico dos módulos profesionais superados, o cal terá, ademais dos efectos académicos, efectos de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

A redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE do 10 de decembro), engade un novo punto ao artigo 39 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño; que introduce dentro do sistema educativo os ciclos de formación profesional básica, establecendo que estarán referidos, ao igual que os ciclos formativos de grao medio e superior, ao Catálogo nacional de cualificacións profesionais.



A mesma lei orgánica dálle unha nova redacción ao artigo 44 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, da educación, establecendo que «As persoas maiores de 22 anos que teñan acreditadas as unidades de competencia incluídas nun título profesional básico, ben a través de certificados de profesionalidade de nivel 1 ben polo procedemento de avaliación e acreditación establecido, recibirán das administracións educativas o título profesional básico», o que conduce ao recoñecemento das cualificacións de nivel 1 nos títulos de formación profesional básica.

O Consello Galego de Formación Profesional ten como unha das súas funcións emitir informe sobre os plans e as accións que se encamiñen ao recoñecemento e á avaliación da competencia da poboación activa e colaborar na implantación do dispositivo de recoñecemento e avaliación, segundo o disposto no artigo 1, punto k), do Decreto 214/2003, do 20 de marzo, polo que se modifica o Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e regula o Consello Galego de Formación Profesional.

O artigo 5 do Decreto 266/2007, do 28 de decembro (DOG do 28 de xaneiro de 2008), polo que se regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, establece entre os seus fins a contribución á avaliación e á acreditación de competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral e de vías non formais de formación no marco do Sistema nacional das cualificacións e da formación profesional, promovendo así a valoración social do traballo. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dispón dunha rede de centros integrados onde se leva a cabo o desenvolvemento do procedemento de acreditación de competencias.

O Decreto 77/2011, do 7 de abril (DOG do 10 de maio), polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional, competencia da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, inclúe na súa estrutura organizativa, dentro da área de calidade, o departamento de acreditación e probas, e atribúelle funcións organizativas e de coordinación e supervisión do procedemento para o recoñecemento, a avaliación, a acreditación e a certificación da competencia profesional.

Co fin de dar cumprimento ao establecido nas normativas que regulan os sectores en que se desenvolven as familias profesionais obxecto desta convocatoria, correspondentes a títulos de formación profesional implantados en Galicia, e de acordo co procedemento establecido no Real decreto 1224/2009, e ante a importante demanda detectada, esta consellería procede a realizar esta convocatoria para unidades de competencia das familias profesionais de Administración e Xestión, Agraria, Comercio e Márketing, Edificación e



Obra Civil, Electricidade e Electrónica, Enerxía e Auga, Fabricación Mecánica, Hostalaría e Turismo, Imaxe Persoal, Imaxe e Son, Industrias Alimentarias, Informática e Comunicacións, Instalación e Mantemento, Madeira, Moble e Cortiza, Química, Sanidade, Servizos Socioculturais e á Comunidade e Transporte e Mantemento de Vehículos.

Por todo isto, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, de conformidade co disposto no artigo 1 do Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica,

DISPÓN:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

O obxecto desta orde é realizar a convocatoria e establecer o procedemento para a avaliación e a acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación (código de procedemento ED517B), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro do Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral, mediante a acreditación de unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

Artigo 2. *Estrutura organizativa*

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa será a encargada da organización e do desenvolvemento do proceso de acreditación de competencias adquiridas pola experiencia laboral e por vías non formais de formación, a través da Subdirección Xeral de Formación Profesional.

Artigo 3. *Lugar de realización (sedes)*

O desenvolvemento do proceso terá lugar nos centros integrados de formación profesional (CIFP) recollidos no anexo II desta orde.

Artigo 4. *Convocatoria do procedemento*

1. As unidades de competencia e o número de prazas obxecto desta convocatoria, así como a súa relación cos títulos de formación profesional e cos certificados de profesionalidade, son as recollidas no anexo I desta orde.



2. A convocatoria será publicada integramente no *Diario Oficial de Galicia*, e un extracto no BOE.

Artigo 5. *Comisión coordinadora do procedemento de acreditación de competencias*

1. Con sede na Subdirección Xeral de Formación Profesional existirá unha comisión de coordinación encargada de:

a) Cualificar a documentación achegada polos solicitantes maiores de 25 anos recollidos no artigo 6.2 desta orde.

b) Coordinar os traballos das distintas comisións de cualificación da documentación constituídas en cada centro sede dos procedementos.

c) Supervisar o procedemento de acreditación de competencia convocado pola presente orde.

d) Levar a cabo a fase de acreditación e rexistro das unidades de competencia demostradas.

2. Esta comisión terá a seguinte composición:

– A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en que delegue, que actuará como presidente.

– A persoa titular do Servizo de Orientación Profesional e Relación con Empresas.

– Un asesor ou asesora de Acreditación de Competencias, que actuará como secretario/a.

– Dous funcionarios pertencentes aos servizos centrais da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Artigo 6. *Requisitos de participación no procedemento*

1. Para acceder a este procedemento, os candidatos e as candidatas deberán cumprir os requisitos seguintes:

a) Posuír a nacionalidade española; atoparse incluído como residente comunitario ou familiar deste, no ámbito da aplicación do Real decreto 240/2007, do 16 de febreiro, sobre



entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns da UE; ou ser titular dunha autorización de residencia en España en vigor.

b) Ter feitos 18 anos, no momento de realizar a inscrición, para as unidades de competencia correspondentes a cualificacións de nivel 1, e 20 anos para as unidades de competencia de nivel 2 e 3.

c) Ter experiencia laboral e/ou formación relacionada coas competencias profesionais que se queiran acreditar.

c.1) No caso de experiencia laboral, xustificaranse polo menos tres (3) anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas, nos últimos dez anos transcorridos antes de realizarse a convocatoria, para unidades de competencia de niveis 2 e 3; para unidades de competencia de nivel 1 xustificarán, cando menos, 2 anos cun mínimo de 1.200 horas traballadas en total.

c.2) No caso de formación, xustificaranse polo menos 200 horas para unidades de competencia de nivel 1 ou 300 horas para as unidades de competencia dos niveis 2 e 3, nos últimos dez anos transcorridos antes de realizarse a convocatoria. Nos casos en que os módulos formativos asociados ás unidades de competencia que se pretendan acreditar prevegan unha duración inferior, deberanse acreditar as horas establecidas nestes módulos.

d) As persoas candidatas non poderán estar matriculadas nun curso de formación profesional inicial (ordinario ou modular) ou realizando formación profesional para o emprego, conducente á acreditación das unidades de competencia nas cales solicita a súa inscrición. Tampouco poderán posuír ou estar en condicións de obter un título de formación profesional ou un certificado de profesionalidade que conteña a/s unidade/s de competencia que solicita, nin as súas equivalentes ou a acreditación parcial das unidades de competencia que solicita. Ademais, non poderán estar inscritas noutro procedemento de recoñecemento da experiencia profesional, ou nas probas libres para a obtención do título de formación profesional, levado a cabo por calquera Administración ou organismo público, conducente á acreditación das mesmas unidades de competencia que solicita. Para todo isto presentarán declaración responsable que farán constar na solicitude.

2. As persoas maiores de 25 anos que cumpran os requisitos de experiencia laboral ou formativa indicados na alínea anterior e que non poidan xustificalos mediante os documentos sinalados poderán solicitar a súa inscrición provisional no procedemento, sempre e



cando presenten a xustificación, mediante algunha proba admitida en dereito, da súa experiencia laboral ou das aprendizaxes non formais de formación. A comisión de coordinación recollida no artigo 5 da presente orde será a encargada de estudar estes casos, e emitirá un informe sobre a procedencia ou non da participación da persoa candidata no procedemento. Se o informe é positivo, procederase á súa inscrición definitiva como solicitante na correspondente sede.

Artigo 7. Xustificación do historial profesional e/ou formativo

1. A xustificación da experiencia laboral farase cos seguintes documentos:

a) Para traballadores e traballadoras asalariados.

a.1) Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade laboral en que se teña afiliación, onde conste a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación (vida laboral).

a.2) Contrato de traballo ou certificación da empresa en que se adquirise a experiencia laboral, que reflecta especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o período en que se realizase a devandita actividade. A certificación presentarase segundo o modelo que figura como anexo V desta orde.

b) Para traballadores e traballadoras autónomos ou por conta propia.

b.1) Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña, dos períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente (vida laboral).

b.2) Descrición da actividade desenvolvida e do intervalo de tempo en que se realizou, adaptada ao modelo de anexo V.

c) Para voluntarios ou bolseiros.

Certificación da organización onde se prestou a asistencia, onde consten especificamente as actividades e as funcións realizadas, o ano en que se realizaron e o número total de horas dedicadas a elas, adaptada ao modelo de anexo V.



2. Xustificación da formación.

Para as competencias profesionais adquiridas a través de vías non formais de formación, a xustificación realizarase mediante documento que acredite que a persoa candidata posúe formación relacionada coas unidades de competencia que se pretenda acreditar.

En cada certificado achegado deberán constar os contidos e as horas de formación, a entidade que expide o certificado e o título da actividade de formación. No caso de ter realizados estudos parciais para a obtención dun título oficial ou certificado de profesionalidade pertencente a plans de formación extinguidos, débese presentar o correspondente certificado expedido polo centro oficial responsable.

3. Deberase achegar necesariamente a tradución oficial de todos os documentos que non estean redactados nas linguas galega ou castelá.

Artigo 8. *Presentación de solicitudes, documentación e comprobación de datos*

1. Solicitudes.

A solicitude de participación no procedemento deberá presentarse obrigatoriamente por vía electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) e requirirá cubrir previamente os datos na aplicación informática que se atopa no enderezo www.edu.xunta.es/acreditacion, desde onde deberá xerarse o formulario normalizado.

Os datos relacionados coa documentación xustificativa do historial profesional e/ou formativo alegados e dos requisitos de participación no procedemento, segundo o establecido nos artigos 6 e 7 desta orde, cargaranse na dita aplicación informática.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pon á disposición das persoas solicitantes os medios técnicos e humanos suficientes no sentido do que establece o artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, como xustificación da obrigatoriedade de presentar as solicitudes exclusivamente por medios electrónicos. Os solicitantes que o necesiten serán asistidos en calquera centro educativo con formación profesional.



As persoas que non posúan DNI, NIE ou certificado electrónico aceptado pola sede electrónica da Xunta de Galicia deberán xerar e imprimir a solicitude desde a aplicación informática e presentala, xunto coa documentación establecida no artigo 8.2, na secretaría do centro integrado de formación profesional (CIFP) onde se vaia desenvolver o procedemento, segundo o recollido no anexo II desta orde. Só para estes casos, de enviarse por correo, o envío da solicitude deberá ser certificado, co selo de Correos no encabezamento da primeira folla do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á finalización do prazo de presentación. Deberase xuntar copia da documentación que se precise, que será cotexada cos orixinais na secretaría do centro onde se presenten.

2. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Para todos os solicitantes.

– Currículo no formato Europass. Poderase xerar desde a aplicación cos datos incorporados nas pestanas de formación, experiencia e historial profesional e formativo.

– Copia dos certificados que acrediten a formación alegada, en que consten os contidos e as horas de formación, e o organismo que a acredita.

b) Solicitantes que reúnan os requisitos pola vía da experiencia laboral.

b.1) Solicitantes que adquiran as competencias como traballadores/as asalariados/as.

– Certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña, ou da mutualidade laboral en que se teña afiliación, onde consten a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación (informe de vida laboral).

– Copia dos contratos de traballo.

– Certificado da empresa en que se adquiriu a experiencia laboral, en que se reflicta especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo en que se realizou a devandita actividade, segundo o modelo de anexo V.



b.2) Solicitantes que adquiren as competencias como traballadores/as autónomos ou por conta propia.

– Certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou do Instituto Social da Mariña dos períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente.

– Descrición da actividade desenvolvida e do intervalo de tempo en que se realizou, adaptada ao modelo de anexo V.

b.3) Solicitantes que adquiren as competencias como traballadores/as voluntarios/as ou bolseiros/as.

– Certificación da organización onde consten as actividades e as funcións realizadas, e o número total de horas, adaptada ao modelo de anexo V.

c) Solicitantes que non poidan xustificar a súa experiencia acolléndose ao artigo 6.2.

– Calquera outra documentación de carácter laboral e/ou formativo que sirva como proba potencial da competencia que se pretenda demostrar e permita contrastar os requisitos.

d) Solicitantes que non posúen DNI ou NIE.

– Permiso de traballo, no caso de persoas estranxeiras, só no caso de opoñerse expresamente á consulta de residencia ou de non presentar o documento acreditativo.

– Certificado do rexistro de cidadán ou cidadá comunitario/a ou tarxeta familiar de cidadán da Unión Europea ou, de ser o caso, copia do pasaporte en vigor (no caso de cidadáns comunitarios que non estean incluídos na situación anterior).

e) Solicitantes con discapacidade.

– Certificado acreditativo da discapacidade, se non foi emitido pola Xunta, no caso de solicitar algunha adaptación ou a exención de taxas.

f) Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente para o caso dos/das solicitantes que participasen en convocatorias anteriores dentro dos últimos cinco anos, e pasasen á fase de asesoramento e/ou de avaliación ou quedaron como reservas por non dispor de prazas vacantes, de participaren na presente convocatoria e na mesma sede non terán que presentar a documentación xa achegada. Tamén poderán acollerse na aplicación informática á opción de recuperar os datos cargados para actualizalos, ou cargar unha solicitude de novo.



g) A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas solicitantes presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende, a través da súa carga na aplicación informática e posterior presentación electrónica, agás nos casos de persoas que non posúan DNI, NIE ou certificado electrónico a que se fai referencia no artigo 8.1. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

h) De non presentar a solicitude e documentación consonte o establecido anteriormente, as solicitudes serán excluídas do proceso de admisión.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. Deberase achegar necesariamente a tradución oficial de todos os documentos que non estean redactados nas linguas galega ou castelá.

5. A falsidade nos datos achegados ou declarados suporá a exclusión do procedemento.

6. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o 13 de xaneiro ao 7 de febreiro de 2020, ambos os dous incluídos.

7. Cada participante presentará unha única solicitude. Poderá elixir unha ou varias unidades de competencia das que se convocan, sempre que estean incluídas nun mesmo ciclo formativo e se desenvolvan nunha mesma sede.

8. Comprobación de datos.

8.1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI/NIE da persoa solicitante.



Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- a) No caso de persoas estranxeiras, certificado de residencia en España.
- b) Discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia.
- c) Situación actual de desemprego.

8.2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente do formulario da solicitude, anexo III, e achegar os documentos.

8.3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

9. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento que non sexan obxecto do establecido nesta orde deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 9. *Admisión de candidatos e candidatas*

1. Listaxes de persoas solicitantes.

a) Para a revisión e análise dos documentos achegados polos solicitantes existirá en cada sede unha comisión encargada da cualificación da documentación, que estará integrada polo xefe do departamento de acreditación e probas, que actuará como presidente, e ata un máximo de cinco persoas, seleccionadas por este, entre o persoal que presta servizos no centro sede.

b) As solicitudes recibidas en cada centro sede serán remitidas á comisión indicada no punto anterior para a comprobación dos requisitos dos solicitantes.

c) A comisión constituída en cada sede para a cualificación da documentación será a encargada da publicación das listaxes de solicitantes correspondentes, para o cal contará cun mínimo de 10 días naturais desde o remate do prazo de presentación de solicitudes.



d) As listaxes de persoas solicitantes e daquelas que necesitan emendar documentación serán publicadas no portal educativo da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa <http://www.edu.xunta.es/fp>, e terá efectos de notificación ás persoas interesadas. Nesta lista aparecerán, cando menos, os apelidos, o nome e os catro últimos díxitos do número de documento nacional de identidade das persoas solicitantes. As persoas solicitantes poderán consultar a súa situación accedendo ao seu expediente na aplicación informática.

2. Emenda da documentación achegada.

a) Os solicitantes terán un prazo de 15 días naturais contados desde o seguinte ao de publicación das listaxes de solicitantes para emendar o defecto ou omisión na documentación entregada. As emendas presentaranse no centro docente elixido para realizar o procedemento ou a través da sede electrónica.

b) Só serán tidos en conta para os efectos de determinación da prioridade de acceso ao procedemento, nos casos en que exista maior número de demandantes que de prazas ofertadas, os méritos de experiencia e/ou formación con que conte o solicitante na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

3. Listaxes provisionais de persoas admitidas.

a) As solicitudes previamente revisadas pola comisión encargada da cualificación da documentación en cada sede serán remitidas ás correspondentes comisións de avaliación para o seu baremo e publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas.

b) As listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas para cada unidade de competencia publicaranse a partir dos 20 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación das listaxes de persoas solicitantes, con indicación da causa de exclusión, nos lugares indicados no número 1.d) deste mesmo artigo e cos mesmos efectos de notificación. Na listaxe aparecerán os datos das persoas segundo o establecido no punto 1.d) deste mesmo artigo.

c) De existir maior número de persoas que cumpran os requisitos establecidos que número de prazas convocadas, as comisións de avaliación aplicarán os criterios de selección segundo o baremo recollido no anexo IV desta orde, e publicaranse a relación de admitidos coa correspondente puntuación.



– Criterios de baremo de solicitudes cando existan máis persoas candidatas que prazas.

Terán prioridade as persoas que cumpran os requisitos de acceso pola vía da experiencia profesional. En caso de empate estableceranse como criterios de prioridade, en primeiro lugar, a formación alegada, para o caso de cumprir requisitos pola experiencia laboral, ou a experiencia profesional alegada, para o caso de cumprir requisitos pola formación. En segundo lugar, a idade do candidato ou da candidata (primará a persoa de maior idade) e, en terceiro lugar, o sexo; aplicarase a discriminación positiva para as mulleres.

De persistir o empate en calquera dos casos, aplicarase como criterio o resultado do sorteo disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) As persoas aspirantes poderán presentar reclamación contra as listaxes provisionais, que se poderá xerar desde a aplicación informática de xestión do procedemento, no prazo de 7 días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación, e deberá entregarse no centro docente elixido para realizar o procedemento.

4. Listaxes definitivas de persoas admitidas.

a) As listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas para cada unidade de competencia publicaranse a partir do día 23 de marzo de 2020, con indicación da causa de exclusión, nos lugares indicados no punto 1.d) deste mesmo artigo e cos mesmos efectos de notificación. Na listaxe aparecerán os datos das persoas segundo o establecido no punto 1.d) deste mesmo artigo.

b) Os candidatos admitidos estarán en disposición de pasar ás fases de asesoramento e avaliación.

c) O resto de solicitantes quedarán en situación de reserva para cubrir, segundo a orde de puntuación que alcanzasen, os abandonos e as renuncias que se produzan durante a fase de asesoramento.

d) Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación das listaxes definitivas, que se deberá presentar nos lugares sinalados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das



administracións públicas. O recurso de alzada poderá xerarse desde a aplicación informática de xestión do procedemento para a súa posterior presentación. A resolución estará á disposición dos candidatos na aplicación informática no expediente do candidato.

5. Por motivos organizativos e de eficacia e eficiencia, cando nunha determinada sede se presente un elevado número de solicitudes e noutra un número menor, e de cara a cubrir as prazas que poderían quedar desertas, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá redistribuír o número de prazas previsto inicialmente para cada sede establecidas no anexo I desta convocatoria.

Artigo 10. *Taxas*

Para ter dereito a participar nas fases de asesoramento e avaliación, a persoa candidata admitida ao procedemento terá que formalizar o pagamento das taxas correspondentes previamente á realización de cada unha das fases.

1. Pagamento da taxa da fase de asesoramento.

– O candidato admitido para a realización da fase de asesoramento deberá aboar unha única taxa de 20,73 euros (ou a vixente no momento).

– O pagamento da taxa deberase realizar de forma telemática ou a través do impreso de autoliquidación en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, consignando os seguintes datos:

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional: código 07.

Delegación de servizos centrais: código 13.

Servizo de secretaría xeral: código 01.

Taxa denominación: asesoramento do/da candidato/a para participar no procedemento para o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación: código 304201.

O xustificante do pagamento deberáselle entregar ao asesor na primeira reunión de asesoramento que se realice. A non presentación deste no tempo e forma procedentes suporá a exclusión do aspirante.



2. Pagamento da taxa de avaliación.

A persoa candidata admitida para a realización da fase de avaliación deberá aboar unha taxa de 10,37 euros por cada unha das unidades de competencia en que solicite a súa avaliación (ou a vixente no momento).

– O pagamento da taxa de avaliación, igual que a de asesoramento, deberase realizar de forma telemática ou a través do impreso de autoliquidación en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia, consignando os seguintes datos:

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional: código 07.

Delegación de servizos centrais: código 13.

Servizo de secretaría xeral: código 01.

Taxa denominación: avaliación da unidade de competencia (por cada unidade de competencia para a cal se solicite a avaliación: código 304202.

O xustificante do pagamento da taxa de avaliación entregaráselle á comisión de avaliación cando a persoa candidata sexa citada para realizar esta fase. A non presentación deste no tempo e forma procedentes suporá a exclusión do aspirante.

3. Exencións do pagamento.

– De acordo co artigo 23, punto 10, da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento de taxas as persoas que no momento de iniciárense as sesións de asesoramento e avaliación, figuren como desempregadas, así como aquelas persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.

– Xustificación.

As persoas exentas do pagamento das taxas deberán presentar, no momento do asesoramento e/ou da avaliación, a documentación que acredite este dereito:

– No caso do/da traballador/a desempregado/a, a certificación relativa á condición de demandante de emprego expedida polos servizos públicos de emprego, só no caso de opoñerse expresamente a súa consulta.



– No caso de discapacidade, certificado acreditativo do grao de discapacidade de non ter que ser emitido pola Xunta ou no caso de opoñerse expresamente á súa consulta.

Artigo 11. *Servizos de información e orientación*

1. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional garantirá un servizo aberto e permanente que lles facilite información e orientación a todas as persoas que a soliciten.

Esta información e orientación será facilitada polos departamentos de orientación dos centros integrados de formación profesional e nos centros de formación profesional de titularidade pública dependentes da Administración educativa.

En cada punto de información existirá, polo menos, un profesional (orientador ou orientadora) para o desenvolvemento destas funcións.

2. Funcións:

a) Informar sobre o proceso de avaliación e recoñecemento das competencias profesionais para que se poida seguir adecuadamente, e tamén sobre a formalización e a presentación da documentación pertinente.

b) Elaborar, no caso de orientadores ou orientadoras dos centros onde se desenvolva o procedemento, un plan de formación para as persoas candidatas, onde se fará constar, segundo proceda:

– As posibilidades de formación, coas orientacións pertinentes, para que poidan acreditar en convocatorias posteriores as unidades de competencia cuxa acreditación soliciten.

– As posibilidades de formación, coas orientacións pertinentes, para completar a formación conducente á obtención dun título de formación profesional ou certificado de profesionalidade relacionado con elas.

Artigo 12. *Fases do procedemento*

A instrución do procedemento desenvolverase nas seguintes fases:

a) Asesoramento.



- b) Avaliación da competencia profesional.
- c) Acreditación e rexistro da competencia profesional.

Artigo 13. *Primeira fase: asesoramento*

1. A fase de asesoramento comezará ao día seguinte da publicación das listaxes definitivas de admitidos e excluídos e deberá estar rematada o día 31 de maio de 2020. O asesor ou a asesora seguirá o procedemento establecido na guía de asesoría co apoio da aplicación informática de xestión do procedemento.

2. O asesoramento será obrigatorio, e para esta convocatoria realizarase de forma presencial, polo que a falta de asistencia inxustificada provocará a perda da condición da persoa candidata admitida no procedemento. A xustificación deberá ser presentada no centro nos cinco días seguintes aos da sesión, por escrito e acompañada da documentación acreditativa.

3. Realizaranse polo menos dúas reunións ou sesións de asesoramento. A convocatoria para a primeira reunión grupal publicarase na páxina web da sede onde se desenvolva o procedemento e na páxina www.edu.xunta.es/fp da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nos dez primeiros días desde a publicación das listaxes definitivas de admitidos e sempre cunha antelación mínima dunha semana respecto da data de realización, e terá efectos de notificación ás persoas interesadas. A convocatoria á reunión reflectirase no expediente do candidato na aplicación informática de xestión do procedemento, e o candidato deberá realizar a confirmación da súa recepción na mesma aplicación.

4. A primeira reunión de asesoramento será unha reunión grupal onde se informe sobre o Sistema nacional de cualificacións, o procedemento, as súas fases, as obrigas e dereitos do candidato e as funcións do asesor ou a asesora, sobre o proceso concreto de avaliación e acreditación, e sobre os principais contidos das unidades de competencia correspondentes. Ademais, entregaráselles a documentación da fase de asesoramento e daráselles unha explicación sobre ela.

Serán informados tamén sobre o uso da aplicación informática de xestión do procedemento, sobre as funcionalidades de interese e o modo de acceso ao seu expediente, de forma que se lles facilite aos candidatos o seguimento do seu proceso, a consulta das da-



tas das convocatorias de reunión previstas, a presentación de reclamacións e a realización en liña de determinadas tarefas.

5. O/a asesor/a e as persoas candidatas ao final da primeira reunión grupal acordarán as datas para a segunda reunión. O asesor, mediante o expediente do candidato na aplicación informática, realizará a comunicación da convocatoria á reunión individual con base nas datas acordadas e o candidato deberá realizar a confirmación da súa recepción na mesma aplicación.

6. A segunda reunión consistirá nunha entrevista persoal individual. O fin desta entrevista é axudar a persoa candidata a explicitar as competencias e aprendizaxes adquiridas, a responder ao cuestionario de autoavaliación, así como a ampliar a documentación acreditativa co fin de mellorar o historial profesional e/ou formativo. Así mesmo, motivarase o candidato para proseguir neste proceso como un proceso de aprendizaxe permanente ao longo da vida.

7. O asesor ou a asesora, contrastando os contidos do cuestionario de autoavaliación e do historial formativo e/ou profesional da persoa candidata, e do expediente de competencias, identificará e valorará a información profesional achegada e realizará un informe asinado, destinado á comisión de avaliación, que terá carácter orientativo, onde indicará de forma motivada se considera que hai ou non evidencias suficientemente xustificadas da competencia da persoa candidata en cada unha das unidades de competencia e, doutra banda, indicarlle a conveniencia de pasar ou non á fase de avaliación.

a) Se o informe é positivo (considera que hai evidencias suficientes sobre a competencia da persoa candidata), o asesor ou a asesora trasladaralle á comisión de avaliación o informe elaborado, así como toda a documentación achegada pola persoa candidata.

b) Se o informe é negativo, o asesor ou a asesora indicarlle á persoa candidata a formación complementaria que poderá realizar, así como os centros onde se ofrece.

– O informe do asesor ou da asesora non é vinculante, polo que a persoa candidata poderá decidir pasar á fase de avaliación. Neste caso, o asesor ou a asesora tamén trasladarán á comisión de avaliación o seu informe, xunto coa documentación referida.

8. Cando a persoa candidata decida non pasar a fase de avaliación, por entender que despois do asesoramento non ten evidencias de competencia, o asesor ou a asesora in-



formará o Departamento de Orientación para que este, de ser o caso, elabore un plan de formación específico en función dos seus intereses e das súas expectativas.

Artigo 14. Segunda fase: avaliación da competencia profesional

1. Esta fase comezará para cada persoa candidata ao remate da fase de asesoramento e deberá estar rematada o día 22 de xuño de 2020. O silencio administrativo será desestimatorio.

2. A avaliación, en cada unha das unidades de competencia en que estea inscrita a persoa candidata, terá por obxecto comprobar se esta demostra a competencia profesional requirida nas realizacións profesionais, nos niveis establecidos nos criterios de realización e nunha situación de traballo, real ou simulada, fixada a partir do contexto profesional.

3. A comisión de avaliación realizará un plan individualizado de avaliación en que constarán, polo menos, as actividades e os métodos de avaliación que se vaian aplicar, tendo en conta as guías de evidencias.

– O proceso de avaliación iniciará a comisión de avaliación coa análise do informe do asesor ou a asesora e de todas as evidencias indirectas que se obteñan da documentación achegada pola persoa candidata en cada unidade de competencia.

– Utilizaranse para a obtención das evidencias directas os métodos que se consideren necesarios para comprobar o explicitado pola persoa solicitante na documentación achegada, segundo as guías de evidencias: a observación da persoa candidata no posto de traballo, simulacións, probas estandarizadas de competencia profesional ou a entrevista profesional.

– A comisión informará a persoa candidata sobre as actividades e os métodos de avaliación, así como os lugares e as datas previstas para a súa realización. Cando a comisión de avaliación o considere necesario, poderá requirirlle a información complementaria que considere necesaria ou solicitar novas evidencias directas adicionais.

– O plan individualizado de avaliación será asinado pola persoa candidata antes do inicio do seu desenvolvemento. Será comunicado ao candidato mediante o seu expediente na aplicación informática e este deberá confirmar a súa recepción. De cada actividade de avaliación realizada quedará un rexistro asinado pola persoa aspirante e polo avaliador ou a avaliadora.



4. Resultados do proceso de avaliación.

Rematada a etapa de avaliación, completárase o expediente de evidencias, que recollerá os resultados e os rexistros producidos ao longo do procedemento e que deberá estar custodiado durante o período regulamentario para atender os posibles procesos de reclamación nas sedes onde se desenvolva o proceso.

– A comisión de avaliación valorará os resultados do proceso e emitirá o xuízo da competencia da persoa candidata, expresada en termos de demostrada ou non demostrada, o cal fará constar nunha acta asinada por todos os membros da comisión de avaliación, segundo o modelo do anexo VI desta orde.

– A comisión de avaliación elaborará un informe individualizado de cada persoa candidata, onde indique os resultados da avaliación das competencias profesionais, así como a proposta de formación.

– O presidente ou a presidenta da comisión de avaliación será responsable de informar as persoas candidatas dos resultados da avaliación. A comunicación realizarase mediante a aplicación informática reflectindo os resultados no expediente do candidato, ou por escrito cando o candidato careza de correo electrónico. Así mesmo, informarán da forma e dos prazos para exercer o dereito de reclamación e, de ser o caso, para presentar os recursos administrativos que procedan.

– Os candidatos poderán presentar reclamación perante a comisión de avaliación, no prazo de cinco días naturais contados desde o seguinte ao de comunicación do resultado da avaliación.

A comisión de avaliación resolverá as reclamacións no prazo máximo de 10 días desde a súa presentación.

– Contra a decisión da comisión de avaliación poderase interpor recurso de alzada ante a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes desde o día seguinte ao de comunicación da decisión da comisión de avaliación, segundo o establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

– As reclamacións e os recursos de alzada poderanse xerar desde a aplicación informática de xestión do procedemento para súa posterior presentación. A resolución será comunicada mediante a aplicación informática e reflectirase o resultado no expediente do candidato.



5. O incumprimento grave, por parte da persoa solicitante de recoñecemento, das normas de prevención, protección e seguridade que cumpra aplicar en cada proba provocará a súa interrupción e a exclusión do procedemento.

6. Principios para a avaliación.

a) A avaliación baseada na competencia consiste basicamente na acumulación de suficientes probas de evidencia que permitan inferir con toda confianza a competencia da persoa candidata.

b) A decisión da avaliación non poderá estar baseada exclusivamente no historial profesional nin formativo, senón que deberá complementarse con evidencias de competencia recollidas por distintos métodos (directos e indirectos).

c) No desenvolvemento do proceso de avaliación da competencia profesional deberase procurar preservar a autoestima das persoas.

d) Os modos de recollida de evidencias de competencia especificaranse nas guías de evidencias e deberán ter diferentes orixes: historial profesional e formativo, traballos e proxectos realizados pola persoa candidata, observación no posto de traballo, conversas profesionais, simulacións e probas profesionais.

e) Cando as evidencias presentadas na fase de asesoramento non sexan suficientes, a comisión de avaliación planificará a recollida de evidencias complementarias seguindo o plan de avaliación xeral realizado pola comisión de avaliación, tendo en conta as orientacións da guía de evidencias. A planificación da avaliación será personificada para cada candidato ou candidata e recollerá as actividades de avaliación coa identificación dos métodos de avaliación que se utilizarán, así como as datas e os lugares previstos. O plan de avaliación deberá ser pactado coa persoa candidata, incluíndo a data e o lugar en que se vaia levar a cabo.

f) Na avaliación deberanse aplicar de xeito combinado distintos modos de avaliar a competencia profesional. Cando sexa posible, atendendo á situación laboral da persoa traballadora, deberáselle dar prioridade á observación no posto de traballo como método de recollida de evidencias de competencia.

g) Haberá un rexistro de cada actividade, que estará asinado polo avaliador ou a avaliadora e pola persoa candidata.



Artigo 15. *Terceira fase: acreditación e rexistro da competencia profesional*

1. A acreditación das unidades de competencia realizárase a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional segundo a proposta da comisión de avaliación.

Os certificados, con sinatura dixital, serán expedidos no prazo máximo dun mes desde o remate da fase de avaliación e poderán ser descargados polos usuarios desde a aplicación informática de xestión do procedemento, unha vez comunicada a súa dispoñibilidade. Non obstante, as persoas interesadas poderán solicitálos na sede onde realízen o procedemento.

2. A expedición da acreditación de unidades de competencia terá efectos de acreditación parcial acumulable e de validación da formación referida á dita unidade de competencia nos títulos de formación profesional e de exención nos certificados de profesionalidade:

– A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional recoñecerá as unidades de competencia acreditadas que producirán efectos de validación dos módulos profesionais correspondentes, segundo a normativa vixente, e que se establece en cada título.

– A Consellería de Economía, Emprego e Industria recoñecerá as unidades de competencia acreditadas, que producirán efectos de exención dos módulos formativos asociados ás unidades de competencia dos certificados de profesionalidade, segundo a normativa vixente, e que se establecen en cada un dos certificados.

3. As acreditacións concedidas teñen carácter oficial, con validez en todo o territorio do Estado. Terán os efectos académicos e profesionais previstos na lexislación vixente no tocante a exencións, correspondencias e validacións.

4. O rexistro das acreditacións de unidades de competencia realizarase de acordo co procedemento establecido no artigo 18 do Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.

Artigo 16. *Comisión de avaliación. Composición*

1. A comisión de avaliación será o órgano decisorio no proceso de avaliación da competencia e xulga a competencia das persoas candidatas tendo en conta as evidencias obtidas na fase de asesoramento e as obtidas na fase de avaliación. Ademais, é o órgano responsable de levar a cabo a preparación das probas de competencia, de facer o seguimento do seu desenvolvemento e da avaliación dos seus resultados.



A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa nomeará as comisións de avaliación necesarias para levar a cabo o proceso de avaliación das diferentes unidades de competencia para as cales se convoca o procedemento de avaliación e acreditación.

2. Composición das comisións de avaliación.

a) A comisión de avaliación estará constituída polo menos por cinco membros, dos cales un debe ocupar a presidencia, outro desempeñará o cargo de secretario ou secretaria, e os tres restantes serán vogais. Todos estes membros terán que dispor da habilitación como avaliadores ou avaliadoras outorgada pola Administración educativa ou laboral, para participaren no procedemento de recoñecemento, avaliación e acreditación da competencia profesional.

b) Garantirase a presenza de avaliadores e avaliadoras tanto do sector formativo como do produtivo. Excepcionalmente, poderanse designar comisións de avaliación en que falte algún dos sectores, se iso impedise a realización da fase de avaliación.

c) A comisión de avaliación poderá propor a incorporación de profesionais cualificados en calidade de expertos, con voz e sen voto, que serán nomeados pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

d) A presidencia recaerá nun empregado público da Administración e deberá ter unha experiencia laboral ou docente no ámbito profesional específico de, polo menos, seis anos ou ter actuado durante dous anos como persoal asesor ou avaliador neste procedemento. Será responsable das actuacións da comisión e da coordinación entre as fases do proceso.

e) A secretaría recaerá nun empregado público da Administración e encargarse de efectuar a convocatoria das sesións por orde da presidencia, redactar as actas das sesións, dar fe dos acordos tomados pola comisión de avaliación e cantas outras funcións sexan inherentes ao seu cargo.

f) Para protexer a imparcialidade e o rigor técnico da avaliación, as actuacións das comisións de avaliación estarán suxeitas ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



Artigo 17. Requisitos, formación e habilitación

1. A habilitación do persoal asesor e/ou avaliador farase atendendo aos criterios de experiencia e formación específica que se establecen a continuación:

a) Ter unha experiencia de, polo menos, catro anos nalgún dos seguintes colectivos:

– Profesorado, con atribución docente na familia profesional correspondente, pertencente aos corpos de catedráticos, profesorado de ensino secundario ou profesorado técnico de formación profesional.

– Formadores ou formadoras con especialización nas unidades de competencia que se especifiquen.

– Profesionais expertos nas unidades de competencia que se especifiquen.

b) Superar un curso de formación específica organizado e supervisado pola Administración educativa, tomando como referente os contidos establecidos no Real decreto 1224/2009, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.

2. As persoas habilitadas poderán actuar como persoal asesor ou avaliador nas comisións de avaliación e deberán ser nomeadas en cada convocatoria.

3. As persoas designadas como persoal asesor non poderán participar como avaliadoras nunha mesma convocatoria de avaliación e acreditación, e viceversa.

Artigo 18. Instrumentos de apoio

1. O proceso de avaliación das competencias profesionais require da utilización dunha serie de instrumentos que garantan o seu desenvolvemento coa calidade e o rigor necesarios, como son:

– Un manual de procedemento, integrado por unha guía da persoa candidata, unha guía para o asesor ou a asesora, e unha guía do avaliador ou a avaliadora.

– Cuestionarios de autoavaliación, que constitúen un dos elementos prescritivos na fase de asesoramento. Permitirán traducir a competencia da persoa candidata a termos de



realizacións e criterios de realización das unidades ou dos ámbitos de competencia que constitúen o referente neste proceso.

– Guía de evidencias, para cada unidade de competencia, onde se especifican as fontes e os métodos de obtención da evidencia, que vai constituír a directriz no contraste de competencias. Consideraranse fontes de evidencia o traballo actual da persoa candidata, as simulacións, os seus logros anteriores e as conversas profesionais. Deberanse concretar as técnicas de obtención de evidencias e os criterios de avaliación, en cada caso.

– Plan de avaliación, que deberán elaborar as comisións de avaliación e que permitirá realizar o plan de avaliación individualizado para cada persoa.

2. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional contextualizará, de ser o caso, segundo as características e as necesidades propias da nosa comunidade autónoma, os documentos básicos elaborados pola Administración xeral do Estado en colaboración coas comunidades autónomas.

Artigo 19. *Seguimento do procedemento*

A avaliación final do procedemento correspóndelle ao Consello Galego de Formación Profesional ou, de ser o caso, á comisión técnica designada por el, sen prexuízo dos aspectos que sexan competencia exclusiva doutros órganos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 20. *Permisos individuais de formación*

As persoas que estean a traballar poderán utilizar os permisos individuais de formación para participar nas fases de asesoramento e avaliación deste procedemento, de acordo co que establece o Ministerio de Traballo e Inmigración, en desenvolvemento do artigo 12 do Real decreto 395/2007, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego.

Artigo 21. *Financiamento*

A presente convocatoria atópase entre as actuacións cofinanciadas no marco do programa operativo Emprego, Formación e Educación, programa financiado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e cofinanciado polo Fondo Social Europeo.



Artigo 22. Notificacións

1. As notificacións daquelas resolucións e actos administrativos que non sexan obxecto de publicación de acordo co establecido nesta orde practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na norma reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpren a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 23. Arquivo e destrución das probas

Os centros integrados de formación profesional serán os encargados de archivar a documentación achegada e xerada durante o desenvolvemento deste procedemento durante un período de cinco anos desde a súa finalización.

Disposición adicional. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Educación, Universidade e Formación Pro-



fesional da Xunta de Galicia, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, e reflectirase esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente orde reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar as medidas precisas para a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2019

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional





ANEXO I

Relación de unidades de competencia e prazas obxecto de acreditación, asociadas a cualificacións profesionais, certificados de profesionalidade, ciclos de grao medio e superior e familias profesionais

Familia profesional: Administración e Xestión.

Ciclo formativo	Cualificación profesional	Certificado de profesionalidade	Código UC	Descrición UC	Nome sede	Código sede	Prazas
MADG01 Xestión administrativa	ADG307_2 Actividades administrativas de recepción e relación coa clientela	ADGG0208 Actividades administrativas na relación coa clientela	UC0975_2	Recibir e procesar as comunicacións internas e externas	CIFP As Mercedes	27006528	30
					CIFP Portovello	32016765	30
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	30
			UC0977_2	Comunicarse nunha lingua estranxeira cun nivel de usuario independente nas actividades de xestión administrativa en relación coa clientela	CIFP As Mercedes	27006528	30
					CIFP Portovello	32016765	30
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	30
	ADG308_2 Actividades de xestión administrativa	ADGD0308 Actividades de xestión administrativa	UC0233_2	Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e da documentación	CIFP As Mercedes	27006528	30
					CIFP Portovello	32016765	30
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	30
			UC0973_1	Introducir datos e textos en terminais informáticos en condicións de seguridade, calidade e eficiencia	CIFP As Mercedes	27006528	30
					CIFP Portovello	32016765	30
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	30
UC0976_2	Realizar as xestións administrativas do proceso comercial	CIFP As Mercedes	27006528	30			
		CIFP Portovello	32016765	30			
		CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	30			





Ciclo formativo	Cualificación profesional	Certificado de profesionalidade	Código UC	Descrición UC	Nome sede	Código sede	Prazas
			UC0978_2	Xestionar o arquivo en soporte convencional e informático	CIFP As Mercedes	27006528	30
					CIFP Portovello	32016765	30
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	30
			UC0979_2	Realizar as xestións administrativas de tesouraría	CIFP As Mercedes	27006528	30
					CIFP Portovello	32016765	30
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	30
			UC0980_2	Efectuar as actividades de apoio administrativo de recursos humanos	CIFP As Mercedes	27006528	30
					CIFP Portovello	32016765	30
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	30
			UC0981_2	Realizar rexistros contables	CIFP As Mercedes	27006528	30
					CIFP Portovello	32016765	30
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	30
SADG01 Administración e finanzas	ADG082_3 Xestión contable e de auditoría	ADGD0108 Xestión contable e xestión administrativa para auditoría	UC0231_3	Realizar a xestión contable e fiscal	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
	ADG084_3 Administración de recursos humanos	ADGD0208 Xestión integrada de recursos humanos	UC0233_2	Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e da documentación	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
			UC0237_3	Realizar a xestión e o control administrativo de recursos humanos	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
			UC0238_3	Realizar o apoio administrativo ás tarefas de selección, formación e desenvolvemento de recursos humanos	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
			UC0987_3	Administrar os sistemas de información e arquivo en soporte convencional e informático	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20





Ciclo formativo	Cualificación profesional	Certificado de profesionalidade	Código UC	Descrición UC	Nome sede	Código sede	Prazas
	ADG157_3 Xestión financeira	ADGN0108 Financiamento de empresas	UC0233_2	Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e da documentación	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
			UC0498_3	Determinar as necesidades financeiras da empresa	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
			UC0499_3	Xestionar a información e a contratación dos recursos financeiros	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
			UC0500_3	Xestionar e controlar a tesouraría e o seu orzamento	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
	ADG310_3 Asistencia documental e de xestión en despachos e oficinas	ADGG0308 Asistencia documental e de xestión en despachos e oficinas	UC0979_2	Realizar as xestións administrativas de tesouraría	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
			UC0980_2	Efectuar as actividades de apoio administrativo de recursos humanos	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
			UC0982_3	Administrar e xestionar con autonomía as comunicacións da dirección	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
			UC0986_3	Elaborar documentación e presentacións profesionais en distintos formatos	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
			UC0987_3	Administrar os sistemas de información e arquivo en soporte convencional e informático	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
			UC0988_3	Preparar e presentar expedientes e documentación xurídica e empresarial ante organismos e administracións públicas	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20

Familia profesional: Agraria.

Ciclo formativo	Cualificación profesional	Certificado de profesionalidade	Código UC	Descrición UC	Nome sede	Código sede	Prazas
MAGA04 Aproveitamento e conservación do medio natural	AGA343_2 Aproveitamentos forestais	AGAR0108 Aproveitamentos forestais	UC1116_2	Realizar o abateamento e o procesamento de árbores con motoserra	CIFP A Granxa	36007552	30





Ciclo formativo	Cualificación profesional	Certificado de profesionalidade	Código UC	Descrición UC	Nome sede	Código sede	Prazas		
			UC1117_2	Realizar o abateamento e procesamento de árbores con colleitadora forestal	CIFP Politécnico de Santiago	15015767	30		
					CIFP A Granxa	36007552	30		
			AGA345_2 Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas	AGAR0208 Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas	UC1121_2	Manexar tractores forestais e realizar o seu mantemento	CIFP Politécnico de Santiago	15015767	30
							CIFP A Granxa	36007552	30
					UC1125_2	Realizar operacións de repoboación forestal e de corrección hidrolóxico-forestal	CIFP Politécnico de Santiago	15015767	30
							CIFP A Granxa	36007552	30
					UC1126_2	Realizar tratamentos silvícolas	CIFP Politécnico de Santiago	15015767	30
							CIFP A Granxa	36007552	30
			AGA458_2 Mantemento e mellora do hábitat cinexético-piscícola	AGAR0111 Mantemento e mellora do hábitat cinexético-piscícola	UC1473_2	Realizar traballos de repoboación de especies acuícolas continentais e de conservación e mellora do seu hábitat	CIFP Politécnico de Santiago	15015767	30
							CIFP A Granxa	36007552	30
					UC1475_2	Realizar traballos de repoboación de especies cinexéticas	CIFP Politécnico de Santiago	15015767	30
							CIFP A Granxa	36007552	30
			AGA460_2 Produción de sementes e plantas en viveiro	AGAU0110 Produción de sementes e plantas en viveiro	UC0525_2	Controlar as pragas, as enfermidades, as malas herbas e as fisiopatías	CIFP Politécnico de Santiago	15015767	30
							CIFP A Granxa	36007552	30
UC1479_2	Realizar operacións de propagación de plantas en viveiro	CIFP Politécnico de Santiago			15015767	30			
		CIFP A Granxa			36007552	30			





Familia profesional: Comercio e Márketing.



XUNTA DE GALICIA

ISSN 1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

Ciclo formativo	Cualificación profesional	Certificado de profesionalidade	Código UC	Descrición UC	Nome sede	Código sede	Prazas
MCOM01 Actividades comerciais	COM085_2 Actividades de venda	COMV0108 Actividades de venda	UC0239_2	Realizar a venda de produtos e/ou servizos a través de diferentes canles de comercialización	CIFP Portovello	32016765	20
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
			UC0240_2	Realizar as operacións auxiliares á venda	CIFP Portovello	32016765	20
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
			UC0241_2	Executar as accións do servizo de atención á clientela e ás persoas consumidoras e usuarias	CIFP Portovello	32016765	20
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
			UC1002_2	Comunicarse en inglés cun nivel de usuario independente, en actividades comerciais	CIFP Portovello	32016765	20
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
	COM318_3 Organización e xestión de almacéns	COML0309 Organización e xestión de almacéns	UC1015_2	Xestionar e coordinar as operacións do almacén	CIFP Portovello	32016765	20
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
	COM631_2 Actividades de xestión do pequeno comercio	COMT0112 Actividades de xestión do pequeno comercio	UC2104_2	Impulsar e xestionar un pequeno comercio de calidade	CIFP Portovello	32016765	20
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
UC2105_2			Organizar e animar o punto de venda dun pequeno comercio	CIFP Portovello	32016765	20	
				CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20	
UC2106_2	Garantir a capacidade de resposta e abastecemento do pequeno comercio	CIFP Portovello	32016765	20			
		CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20			





Ciclo formativo	Cualificación profesional	Certificado de profesionalidade	Código UC	Descrición UC	Nome sede	Código sede	Prazas
	COM650_3 Xestión comercial inmobiliaria	COMT0111 Xestión comercial inmobiliaria	UC0811_2	Realizar a venda e a difusión de produtos inmobiliarios a través de distintas canles de comercialización	CIFP Portovello	32016765	20
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	20
SCOM03 Xestión de vendas e espazos comerciais	COM158_3 Implantación e animación de espazos comerciais	COMP0108 Implantación e animación de espazos comerciais	UC0501_3	Establecer a implantación de espazos comerciais	CIFP Portovello	32016765	15
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	15
			UC0502_3	Organizar a implantación de produtos ou servizos na superficie de venda	CIFP Portovello	32016765	15
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	15
			UC0503_3	Organizar e controlar as accións promocionais en espazos comerciais	CIFP Portovello	32016765	15
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	15
			UC0504_3	Organizar e supervisar a montaxe de escaparates no establecemento comercial	CIFP Portovello	32016765	15
					CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	15
COM318_3 Organización e xestión de almacéns	COML0309 Organización e xestión de almacéns	UC1014_3	Organizar o almacén de acordo cos criterios e cos niveis de actividade previstos	CIFP Portovello	32016765	15	
				CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	15006778	15	

Familia profesional: Edificación e Obra Civil.

Ciclo formativo	Cualificación profesional	Certificado de profesionalidade	Código UC	Descrición UC	Nome sede	Código sede	Prazas
MEOC01 Construción	EOC052_2 Fábricas de albanelaría	EOCB0108 Fábricas de albanelaría	UC0141_2	Organizar traballos de albanelaría	CIFP Someso	15024513	10
			UC0142_1	Construír fábricas para revestir	CIFP Someso	15024513	10
			UC0143_2	Construír fábricas vistas	CIFP Someso	15024513	10
			UC0869_1	Elaborar pastas, morteiros, adhesivos e formigóns	CIFP Someso	15024513	10



Ciclo formativo	Cualificación profesional	Certificado de profesionalidade	Código UC	Descrición UC	Nome sede	Código sede	Prazas
	EOC579_2 Armaduras pasivas para formigón	EOCE0111 Armaduras pasivas para formigón	UC1905_2	Realizar a armaxe manual e a colocación en obra de armaduras	CIFP Someso	15024513	10
	EOC580_2 Cubricións inclinadas	EOCB0111 Cubricións inclinadas	UC0869_1	Elaborar pastas, morteiros, adhesivos e formigóns	CIFP Someso	15024513	10
			UC0870_1	Construír vertentes para cubricións	CIFP Someso	15024513	10
			UC1360_2	Controlar a nivel básico riscos en construción	CIFP Someso	15024513	10
			UC1908_2	Montar estrutura metálica lixeira para cubricións	CIFP Someso	15024513	10
			UC1909_2	Construír taboleiros e coberturas con chapa conformada, paneis e placas	CIFP Someso	15024513	10
			UC1910_2	Construír a cobertura con tella e lousa	CIFP Someso	15024513	10
			UC1911_2	Organizar traballos de cubricións e impermeabilizacións	CIFP Someso	15024513	10
	EOC581_2 Encofrados	EOCE0211 Encofrados	UC1912_2	Pór en obra encofrados verticais	CIFP Someso	15024513	10
			UC1913_2	Pór en obra encofrados horizontais	CIFP Someso	15024513	10
	EOC582_2 Impermeabilización mediante membranas formadas con láminas	EOCJ0111 Impermeabilización mediante membranas formadas con láminas	UC1917_2	Executar as capas e os elementos do sistema de impermeabilización complementarios da membrana	CIFP Someso	15024513	10
			UC1918_2	Impermeabilizar con membranas bituminosas	CIFP Someso	15024513	10
			UC1919_2	Impermeabilizar con membranas sintéticas	CIFP Someso	15024513	10
	EOC586_2 Pavimentos e albanelaría de urbanización	EOCB0211 Pavimentos e albanelaría de urbanización	UC0869_1	Elaborar pastas, morteiros, adhesivos e formigóns	CIFP Someso	15024513	10
			UC1321_1	Pavimentar con formigón impreso e lastrados	CIFP Someso	15024513	10
			UC1360_2	Controlar a nivel básico riscos en construción	CIFP Someso	15024513	10





Ciclo formativo	Cualificación profesional	Certificado de profesionalidade	Código UC	Descrición UC	Nome sede	Código sede	Prazas
			UC1929_2	Executar pavimentos de urbanización	CIFP Someso	15024513	10
			UC1930_2	Executar elementos complementarios de pavimentos de urbanización	CIFP Someso	15024513	10
			UC1931_2	Tender tubos de saneamento e construír rexistros e cámaras	CIFP Someso	15024513	10
			UC1932_2	Organizar traballos de albanaría de urbanización	CIFP Someso	15024513	10
	EOC589_2 Revestimentos con pastas e morteiros en construción	EOCB0210 Revestimentos con pastas e morteiros en construción	UC1938_2	Executar recrecidos planos para revestimento en construción	CIFP Someso	15024513	10
	EOC590_2 Revestimentos con pezas ríxidas por adherencia en construción	EOCB0310 Revestimentos con pezas ríxidas por adherencia en construción	UC1942_2	Executar azulexados e chapados	CIFP Someso	15024513	10
			UC1943_2	Executar solados con pezas ríxidas	CIFP Someso	15024513	10
	IEX427_2 Colocación de pedra natural	IEXD0409 Colocación de pedra natural	UC1375_2	Colocar cachotaría, cantaría e perpiaño	CIFP Someso	15024513	10
MEOC02 Obras de interior, decoración e rehabilitación	EOC583_2 Instalación de placa de xeso laminado e falsos teitos	EOCJ0110 Instalación de placa de xeso laminado e falsos teitos	UC1360_2	Controlar a nivel básico riscos en construción	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1903_1	Realizar operacións básicas en instalación de placa de xeso laminado	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1920_2	Instalar tabiques e extradorsados autoportantes de placa de xeso laminado	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1921_2	Instalar sistemas de falsos teitos	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1922_2	Tratar xuntas entre placas de xeso laminado	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1923_2	Organizar traballos de instalación de placa de xeso laminado e falsos teitos	CIFP Porta da Auga	27020793	10



Ciclo formativo	Cualificación profesional	Certificado de profesionalidade	Código UC	Descrición UC	Nome sede	Código sede	Prazas
	EOC584_2 Instalación de sistemas técnicos de pavimentos, empanelados e anteparos	EOCJ0211 Instalación de sistemas técnicos de pavimentos, empanelados e anteparos	UC0871_1	Sanear e regularizar soportes para revestimento en construción	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1902_1	Instalar pavimentos lixeiros con apoio continuo	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1924_2	Instalar pavimentos elevados rexistrables	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1925_2	Instalar anteparos e empanelados técnicos desmontables	CIFP Porta da Auga	27020793	10
	EOC587_2 Pintura decorativa en construción	EOCB0110 Pintura decorativa en construción	UC0873_1	Aplicar imprimacións e pinturas protectoras en construción	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1360_2	Controlar a nivel básico riscos en construción	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1933_2	Realizar revestimentos murais en papel, fibra de vidro e vinílicos	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1934_2	Realizar acabamentos decorativos de pintura en construción	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1935_2	Organizar traballos de pintura en construción	CIFP Porta da Auga	27020793	10
	EOC589_2 Revestimentos con pastas e morteiros en construción	EOCB0210 Revestimentos con pastas e morteiros en construción	UC0871_1	Sanear e regularizar soportes para revestimento en construción	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1360_2	Controlar a nivel básico riscos en construción	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1939_2	Revestir mediante morteiro monocapa, revocadura e lucido	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1940_2	Revestir mediante pastas e morteiros especiais de illamento, impermeabilización e reparación	CIFP Porta da Auga	27020793	10
UC1941_2			Organizar traballos de revestimentos continuos conglomerados e rixidos modulares en construción	CIFP Porta da Auga	27020793	10	





Ciclo formativo	Cualificación profesional	Certificado de profesionalidade	Código UC	Descrición UC	Nome sede	Código sede	Prazas
	EOC590_2 Revestimentos con pezas ríxidas por adherencia en construción	EOCB0310 Revestimentos con pezas ríxidas por adherencia en construción	UC1942_2	Executar azulexados e chapados	CIFP Porta da Auga	27020793	10
			UC1943_2	Executar solados con pezas ríxidas	CIFP Porta da Auga	27020793	10
SEOC01 Proxectos de edificación	EOC201_3 Representación de proxectos de edificación	EOCO0108 Representación de proxectos de edificación	UC0638_3	Realizar representacións de construción	CIFP A Farixa	32015050	20
			UC0639_3	Realizar e supervisar desenvolvementos de proxectos de edificación	CIFP A Farixa	32015050	20
			UC0640_3	Representar instalacións de edificios	CIFP A Farixa	32015050	20
	EOC273_3 Control de proxectos e obras de construción	EOCO0109 Control de proxectos e obras de construción	UC0874_3	Realizar o seguimento da planificación en construción	CIFP A Farixa	32015050	20
			UC0875_3	Procesar o control de custos en construción	CIFP A Farixa	32015050	20
			UC0876_3	Xestionar sistemas de documentación de proxectos de construción	CIFP A Farixa	32015050	20

Familia profesional: Electricidade e Electrónica.

Ciclo formativo	Cualificación profesional	Certificado de profesionalidade	Código UC	Descrición UC	Nome sede	Código sede	Prazas
MELE01 Instalacións eléctricas e automáticas	ELE043_2 Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións en edificios	ELES0108 Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións en edificios	UC0120_2	Montar e manter instalacións de captación de sinais de radiodifusión sonora e televisión en edificios ou conxuntos de edificacións (antenas e vía cable)	CIFP Ferrolterra	15006754	20
					CIFP Politécnico de Lugo	27006516	20
					CIFP Politécnico de Santiago	15015767	30
			UC0121_2	Montar e manter instalacións de acceso ao servizo de telefonía dispoñible ao público e instalacións de control de acceso (telefonía interior e videoportaría)	CIFP Ferrolterra	15006754	20
					CIFP Politécnico de Lugo	27006516	20
					CIFP Politécnico de Santiago	15015767	30



Ciclo formativo	Cualificación profesional	Certificado de profesionalidade	Código UC	Descrición UC	Nome sede	Código sede	Prazas
	ELE257_2 Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión	ELEE0109 Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión	UC0820_2	Montar e manter instalacións eléctricas de baixa tensión en edificios destinados principalmente a vivendas	CIFP Coroso	15014556	20
					CIFP Ferrolterra	15006754	20
					CIFP Politécnico de Lugo	27006516	20
					CIFP Politécnico de Santiago	15015767	30
			UC0821_2	Montar e manter instalacións eléctricas de baixa tensión en edificios comerciais, de oficinas e dunha ou de varias industrias	CIFP Coroso	15014556	20
					CIFP Ferrolterra	15006754	20
					CIFP Politécnico de Lugo	27006516	20
					CIFP Politécnico de Santiago	15015767	30
			UC0822_2	Montar e manter instalacións de automatismos no ámbito de vivendas e pequena industria	CIFP Coroso	15014556	20
					CIFP Ferrolterra	15006754	20
					CIFP Politécnico de Lugo	27006516	20
					CIFP Politécnico de Santiago	15015767	30
			UC0823_2	Montar e manter redes eléctricas aéreas de baixa tensión	CIFP Coroso	15014556	20
